



Resolución do 1 de outubro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca a V edición do programa educativo Talentos Inclusivos dirixido a centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso 2024-2025.

A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, contempla entre os seus principios a equidade, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades, tamén entre mulleres e homes, que axuden a superar calquera discriminación, e a accesibilidade universal á educación como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade, de acordo co establecido na Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, ratificada en 2008, por España.

No seu capítulo II, referido á Equidade e compensación das desigualdades en educación, tamén se establece como principio que as Administracións públicas desenvolvan accións dirixidas cara as persoas, grupos, contornos sociais e ámbitos territoriais que se atopan en situación de vulnerabilidade socioeducativa e cultural, co obxecto de eliminar as barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe, asegurando os axustes razoables en función das súas necesidades individuais e prestando o apoio necesario para fomentar o seu máximo desenvolvemento educativo e social, de maneira que poidan acceder a unha educación inclusiva, en igualdade de condicións cos demais.

A normativa galega afonda nos principios de equidade e inclusión, tanto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade, como na Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve dito decreto. Nesta normativa establécese a consideración da diversidade como un principio que non só valora as diferenzas, senón que tamén aproveita as potencialidades de cada persoa para que se sintan plenamente incluídas e contén cos espazos de participación e desenvolvemento ao que a súa condición humana lles dá dereito.





A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional aposta pola equidade en todos os centros educativos, e concreta estes principios coa convocatoria de programas que promoven a inclusión educativa, ao tempo que apostan pola innovación e o desenvolvemento tecnolóxico ao servizo da cidadanía.

Apartado 1.- Obxectivo xeral.

Incrementar o coñecemento e competencias no ámbito da ciencia e da tecnoloxía dos mozos e mozas, a través da participación activa e colaborativa no desenvolvemento de solucións tecnolóxicas para persoas con discapacidade, no marco do Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacions (CITIC) da Universidade da Coruña.

Apartado 2.- Obxectivos específicos.

- Combinar a atención á diversidade coa xestión do talento do alumnado en centros educativos galegos.
- Traballar na atención á diversidade a través de equipos colaborativos.
- Visibilizar ás persoas con discapacidade.

Apartado 3.- Alumnado destinatario.

Esta convocatoria vai dirixida ao alumnado de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos de formación profesional dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. O número máximo de alumnado participante será de 10 por reto. Un centro poderá participar en máis dun reto, ata un total de 50 alumnos/as por centro.

Apartado 4.- Descrición do programa.

O programa consiste en crear grupos de traballo colaborativos coordinados por investigadoras/es do CITIC, profesionais das entidades colaboradoras e o profesorado dos centros educativos participantes. Estes grupos estarán formados por persoas atendidas polos centros colaboradores e alumnado dos centros educativos para resolver,





mediante a aplicación da tecnoloxía, retos que sexan de aplicación directa para mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade. Resultados e retos desenvolvidos en edicións anteriores poden consultarse en <https://talentosinclusivos.citic.udc.es/>

Os retos tecnolóxicos definiranse durante os primeiros meses do proxecto e serán o resultado da interacción dos axentes participantes. Con todo, os retos e o seu desenvolvemento posterior, centraranse na obtención de solucións tecnolóxicas con fins de rehabilitación e mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade. Ademais articularanse empregando diferentes solucións tecnolóxicas en función do obxectivo. A título de exemplo pódense citar solucións baseadas en:

- Sistemas aumentativos e alternativos de comunicación empregando tecnoloxías de baixo custo.
- Realidade aumentada con *scratch*.
- Robótica, empregando robots para practicar exercicios con fins rehabilitadores.
- Domótica de baixo custo, automatización de dispositivos como luces, portas, climatización, TV, Prototipado de desenvolvementos, Tecnoloxías baseadas en Arduino ou a plataforma de domótica *Home Assistant*.
- Produtos de apoio para o acceso ao computador con placas *Makey-Makey* ou impresión 3D.
- Actividades de lecer accesibles baseadas en gamificación (placa Micro:bit, placa Playground, Leap Motion).

Apartado 5.- Solicitudes e prazo de presentación.

As solicitudes enviaranse ao enderezo electrónico inclusion.orientacion@edu.xunta.gal co seguinte asunto: Solicitud Talentos Inclusivos 2024-2025. Xunto coa solicitude achegarse o documento *Anexo I* como arquivo adxunto.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais contados a partir da publicación desta convocatoria no portal educativo a través da seguinte ligazón:





<https://www.edu.xunta.gal/portal/>

Apartado 6.- Selección dos centros.

O número máximo de centros participantes será de 15. Os criterios de selección para os centros serán os seguintes:

1. Ter participado en anteriores edicións do programa "Talentos Inclusivos", ata 10 puntos.
2. Medios para o desenvolvemento do programa, con espazo e equipamento para videoconferencias, ata 5 puntos.
3. Instalacións/espazos para o desenvolvemento de actividades tecnolóxicas, ata 5 puntos.
4. Participar ou ter participado noutros programas tecnolóxicos, ata 5 puntos.

Apartado 7.- Calendario.

As accións formativas terán lugar a partir da publicación da resolución definitiva e ata o acto de peche do proxecto. Durante o curso académico establecerase o calendario de reunións mensuais e xornadas de sensibilización de acordo coas condicións do apartado 8, concretándose as datas e os horarios entre as persoas coordinadoras de cada centro educativo e as persoas responsables do programa do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC).

Apartado 8.- Compromiso dos centros participantes.

Os centros participantes comprométense a traballar no(s) reto(s) que seleccionaron e a favorecer o diálogo e cooperación cos outros axentes participantes, os centros de atención a persoas con discapacidade colaboradoras. En concreto as obrigan son:

1. Participar de forma presencial no evento de inicio e de peche do programa. Neste último, o profesorado e o alumnado exporán o traballo feito xunto co resto de integrantes do grupo colaborativo. O evento de peche será o 13 de xuño de 2025.





2. Selección libre de calquera dos retos propostos polas persoas usuarias dos centros colaboradores. En ningún caso poderán desenvolverse retos propios, sen acordalo coa coordinación do proxecto para ver a súa aplicabilidade.
3. Compromiso para organizar unha sesión de sensibilización sobre discapacidade na que se agrupen as distintas aulas, non só o alumnado implicado no proxecto. Esta actividade será presencial no horario e data indicada desde o centro.
4. Os equipos dos centros deberán atender as peticións e demandas das persoas usuarias dos centros de atención a discapacidade colaboradoras e telos informados nas reunións periódicas. Establecerase un calendario para estas reunións que poderán ser modificadas segundo a evolución do proxecto. Para estas reunións teranse en conta os horarios de funcionamento de cada centro participante.
5. Os equipos participantes deberán cumprir cos prazos dos entregables marcados pola coordinación do proxecto, segundo as indicacións do profesorado do centro educativo ao principio do programa. Os centros educativos terán que participar de forma activa nas actividades previstas e no proceso de desenvolvemento dos retos co apoio do persoal investigador do CITIC cando o demanden.
6. Trala definición dos retos, os equipos deberán crear unha lista dos materiais necesarios para iniciar o proxecto (co obxectivo de mercar o que se desexa). Durante o transcurso do ano pódese adquirir todo o material que sexa necesario. O CITIC encargárase das mercas e envía aos centros. O prazo de entrega da listaxe é de un mes dende a asignación do reto ao centro educativo. Para o pedido de material empregárase o formulario establecido nas instrucións remitidas a cada centro unha vez admitidos.
7. Os equipos poderán solicitar toda a axuda que necesiten ás persoas investigadoras do CITIC se, por calquera motivo, aparece algún problema que impida avanzar no desenvolvemento.





8. En ningún caso os proxectos poderán ser realizados polo profesorado. Este último ten por tarefa coordinar e axudar ao alumnado, facilitando o desenvolvemento dos retos tecnolóxicos.

9. Ao finalizar o proxecto, deberanse entregar dúas copias do reto. Unha delas para entidade de atención as persoas con discapacidade que corresponda e a outra para o CITIC. O centro educativo poderá empregar os resultados para outros fins educativos que considere.

10. Tramitar entre o seu alumnado o permiso de imaxe coa única finalidade de darlle visibilidade ao proxecto a través da web, redes sociais e outros eventos nos que participen as entidades implicadas no proxecto. Este permiso deberá estar tramitado ao inicio do programa.

Apartado 9. Resolución.

Unha vez rematado o proceso de selección das solicitudes, farase pública a resolución no portal educativo desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Contra esa resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Apartado 10.- Certificación da participación do profesorado.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional certificará cada curso escolar, segundo a normativa vixente, como actividade de innovación educativa cunha equivalencia en 20 horas de formación permanente do profesorado.



Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

Judith Fernández Novoa

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

